

SAL. 002505 12.03.13 12:14

Instrución III/2013 da xerencia pola que se comunica a incorporación de remanentes e se establecen algunhas normas especiais en relación con partidas con financiamento específico.

A presente instrución dítase en virtude do previsto na Disposición Adicional Primeira das Normas de Execución dos Orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobadas para o exercicio 2011, aprobados por acordo do Consello Social de 1 de marzo de 2011, vixentes trala prórroga do orzamento para o exercicio 2013, aprobada por Resolución Reitoral de 28 de decembro de 2012.

Na súa virtude determínase:

I.- Comunicar a incorporación de remanentes das partidas orzamentarias que figuran nos arquivos que se acompañan a esta instrución.

Os arquivos, un para cada centro orgánico, enviados aos responsables de asuntos económicos, en formato excel recollen os remanentes que se incorporan.

II.- Do mesmo xeito que no ano 2012 non se poden dar de alta as partidas orzamentarias das que o seu titular non estea xa na USC, ben por estar xubilado, en comisión de servizos noutra administración, por non ter contrato vixente coa USC ou ben por calquera outra circunstancia.

III.- Feito o peche do exercicio económico de 2012, o remanente de tesourería dispoñible só permite incorporar créditos por importe de 610.526,24 €. A porcentaxe é sobre o dispoñible final dos créditos dos centros que se indican.

	importe que se incorpora	%
Vicerreitoría E. e Infraestruturas (obras RAM)	123.389,23	61.32%
Departamentos	461.336,32	80,00%
Equipamentos Centros Docentes	7.905,16	20,00%
Equipamento Consello Social	12.202,84	100,00%
Equipamento outros centros	5.692,69	20,00%
Total	610.526,24	

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2013

A xerente



M^a Lourdes Batán Aira

Srs./as Decanos/as e Directores/as de Centros
Directores/as de Departamentos e Institutos Universitarios
Responsables de Asuntos Económicos